



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

NARÓN

Servizo Sociocomunitario

Aprobación da modificación do Plan estratéxico de subvencións (PES) do Concello de Narón para os anos 2024, 2025 e 2026

Por medio do presente anuncio faise público que o Pleno do Concello de Narón, na sesión extraordinaria de data 8 de setembro de 2025, adoptou o acordo que se transcribe a continuación:

“3 º.- PROPOSTA SOBRE MODIFICACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS (PES) DO CONCELLO DE NARÓN, PARA OS ANOS 2024, 2025 E 2026. -Lida polo secretario xeral a proposta que di así: O Xefe Substituto do Servizo Sociocomunitario Municipal con data 25-08-2025 emitiu o informe con proposta para que a Alcaldía someta a dítame da Comisión Informativa de Contratación, Persoal e Especial de Contas, (documento opencertiacc SSO19IO4CX), que textualmente di:

“ASUNTO: Aprobación dunha modificación do Plan Estratéxico de Subvencións (PES) do Concello de Narón, para os anos 2024, 2025 e 2026.

ANTECEDENTES

Con data de 05/04/2024 publícase no BOP da provincia da Coruña o Plan Estratéxico de Subvencións (PES) do Concello de Narón para os anos 2024, 2025 e 2026.

Este plan recolle no seu artigo 9 a posibilidade de realizar modificacións aprobadas polo órgano competente.

O Servizo Sociocomunitario é o órgano que coordinou a elaboración do PES e neste caso tamén coordina a súa modificación, xa que compre presentar as seguintes modificacións:

PRIMEIRA.- Liña 1. Benestar social: Intervención especializada con persoas en exclusión social.

Incremento da contía subvencionada á entidade Acción Familiar (AFA).

ENTIDADE	IMPORTE PREVISTO CONCEDER 2025	IMPORTE PREVISTO CONCEDER 2026	FONTE DE FINANCIAMENTO
AFA	44.000,00	44.000,000	Orzamento municipal

Xustificación: O proxecto presenta estabilidade no tempo, necesitando un elevado volume económico para o seu mantemento, principalmente recursos humanos, que son a clave do éxito e consolidación do proxecto, así como os bos resultados ao longo da súa traxectoria.

SEGUNDA.- Liña 1. Benestar social: Apoio ao desenvolvemento psicosocial e educativo de menores e as súas familias.

Incremento da contía subvencionada á entidade Asociación de pais de nenos con problemas psicosociais (ASPANEPS).

ENTIDADE	IMPORTE PREVISTO CONCEDER 2025	IMPORTE PREVISTO CONCEDER 2026	FONTE DE FINANCIAMENTO
ASPANEPS	22.000,00	22.000,00	Orzamento municipal

Xustificación: O proxecto presenta estabilidade no tempo, necesitando un elevado volume económico para o seu mantemento, principalmente recursos humanos, que son a clave do éxito e consolidación do proxecto, así como os bos resultados ao longo da súa traxectoria.

TERCEIRA.- Liña 1. Benestar social: Apoio á promoción social

Incremento da contía subvencionada á entidade Confederación Galega de Minusválidos (COGAMI).

ENTIDADE	IMPORTE PREVISTO CONCEDER 2025	IMPORTE PREVISTO CONCEDER 2026	FONTE DE FINANCIAMENTO
COGAMI	7.000,00	7.000,00	Orzamento municipal

Xustificación: O proxecto presenta estabilidade no tempo, necesitando un elevado volume económico para o seu mantemento, principalmente recursos humanos, que son a clave do éxito e consolidación do proxecto, así como os bos resultados ao longo da súa traxectoria.

CUARTA.- Liña 1. Benestar social: Igualdade

Incremento da contía subvencionada á entidade Asociación BBTTA (BBTTA).

ENTIDADE	IMPORTE PREVISTO CONCEDER 2025	IMPORTE PREVISTO CONCEDER 2026	FORTE DE FINANCIAMENTO
BBTTA	2.000,00	2.000,00	Orzamento municipal

Xustificación: O proxecto presenta estabilidade no tempo, necesitando elevar a cantidade subvencionada para o mantemento e consolidación do proxecto.

QUINTA.- Incorporar unha nova liña de subvención na Liña estratéxica 6: Deportes. Subvencións a deportistas de elite.

Liña estratéxica 6: Deportes

Liña estratéxica	Liña 6: Deportes			
Obxectivo estratéxico	Fomento do Deporte en Narón a través de clubs e entidades deportivas e Fomento do deporte individual de elite			
Obxectivos específicos	o Mantemento das escolas deportivas conveniadas en diferentes disciplinas o Apoio á participación nas competicións a distintos niveis, local, autonómico, estatal. o A organización de eventos deportivos de diferentes disciplinas coa colaboración e participación de clubs e entidades. o Apoio á deportistas de elite para a participación en competicións deportivas individuais en distintos niveis.			
Subvencións incluídas nesta liña				
Aplicación	Liña de subvención	Importe 2024	Importe 2025	Importe 2026
3410.48000	Fomento directo da promoción do deporte	417.000,00	417.000,00	417.000,00
3410.48001	Subvencións a asociacións que fomenten o deporte	80.000,00	80.000,00	80.000,00
3410.48001	Subvencións a deportistas de Elite	0.00	10.000,00	10.000,00
Total		497.000,00	507.000,00	507.000,00

Liña de subvención: Subvencións a asociacións que fomenten o deporte

Liña estratéxica	Liña 6: Deportes						
Liña de subvención							
Subvencións a deportistas de elite							
Área de competencia afectada							
Deportes							
Sectores cara os que se dirixen as axudas							
As persoas beneficiarias deste programa, son deportistas individuais de elite de Narón que participan en competicións de distintos niveis e solicitan subvencións a través de un proceso de concorrencia competitiva para o desenvolvemento da súa actividade.							
Obxectivos e efectos que se perseguen							
Apoio aos deportistas de elite para a súa participación en competicións deportivas individuais de distintos niveis. Consolidación e crecemento do sistema deportivo municipal.							
Prazo necesario para a súa concesión							
Os obxectivos fixados teñen permanencia no tempo, polo que deben cumprirse durante todo o período de vixencia do PES.							
Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento							
Aplicación	Procedemento de concesión	Entidade	Obxecto	Financiamento	2024	2025	2026
3410.48001	CONCORRENCIA COMPETITIVA	Concello de Narón	Subvencións a Deportistas individuais de Elite	Orzamento Municipal		10.000,00	10.000,00

<i>Plan de acción</i>
<i>O plan de acción se centrará na avaliación do cumprimento do obxectivo formulado, así como unha avaliación anual valorando a permanencia das condicións que xustifican o mantemento da subvención. Ademais, se debería de incorporar a cada anteproxecto dos orzamentos municipais as cantidades derivadas do reflectido neste PES, previa acreditación da necesidade de financiamento do proxecto correspondente.</i>
<i>Posta en práctica, liñas básicas das bases reguladoras, calendario de elaboración e criterios de coordinación entre Administracións (de ser o caso).</i>
<i>Por Resolución de Alcaldía se aprobará a convocatoria pública da subvención de acordo coas bases reguladoras, así como o gasto máximo. As bases reguladoras do procedemento deberá conter as liñas básicas establecidas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (especialmente as referidas ao artigo 9), así como o contemplado na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime, Xurídico do Sector Público, para as subvencións directas.</i>
<i>Indicadores</i>
<i>Nº de solicitudes Nº de concesións Xustificación adecuada (SI/NON) Renuncia á subvención (SI/NON) Reintegra parte ou toda a subvención (SI/NON) Cumpre obxectivos propostos (SI/NON) Consigue obxectivos no prazo establecido (SI/NON)</i>
<i>Observacións</i>
<i>As razóns que xustifican as subvencións de concorrencia competitiva son: 1) O proxecto está dentro do ámbito competencial municipal a través do artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, “Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”; 2) Detectada a necesidade de apoiar aos deportistas de elite a participar en competicións deportivas individuais en distintos niveis.</i>

Xustificación: Detectada a necesidade de apoiar aos deportistas de elite a participar en competicións deportivas individuais en distintos niveis.

SEXTA.- Incorporar unha nova liña estratéxica e de subvención: “Liña 8. Medioambiente. Promoción do medio ambiente, así como unha nova entidade dentro desta liña.

Liña estratéxica	Liña 8: Medioambiente			
Obxectivo estratéxico	Fomento do medioambiente			
Obxectivos específicos	- Sensibilizar á poboación sobre a necesidade de promover prácticas sostibles medioambientalmente. - Implementar actividades que fomenten a protección do entorno.			
Subvencións incluídas nesta liña				
Aplicación	Liña de subvención	Importe 2024	Importe 2025	Importe 2026
1700 48000	Asociación Galega de Apicultura	0.00	6.000,00	6.000,00
Total		0.00	6.000,00	6.000,00

Liña de subvención: Fomento do medioambiente

<i>Liña estratéxica</i>	<i>Liña 6: Deportes</i>
<i>Liña de subvención</i>	
<i>Fomento do medioambiente</i>	
<i>Área de competencia afectada</i>	
<i>Medioambiente</i>	
<i>Sectores cara os que se dirixen as axudas</i>	
<i>As persoas beneficiarias deste programa son persoas de Narón que se benefician das actividades realizadas para sensibilizar sobre o medioambiente. Por outra parte serían beneficiarias as entidades que sensibilicen á poboación sobre a necesidade de promover prácticas sostibles medioambientalmente e implementen actividades que fomenten a protección do entorno.</i>	
<i>Obxectivos e efectos que se perseguen</i>	
<i>Sensibilizar á poboación sobre a necesidade de promover prácticas sostibles medioambientalmente. Implementar actividades que fomenten a protección do entorno.</i>	
<i>Prazo necesario para a súa concesión</i>	
<i>Os obxectivos fixados teñen permanencia no tempo, polo que deben cumprirse durante todo o período de vixencia do PES.</i>	

Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento							
Aplicación	Procedemento de concesión	Entidade	Obxecto	Financiamento	2024	2025	2026
1700 48000	Directa	Asociación Galega de Apicultura	Realización de actividades que fomenten a protección do entorno e a sensibilización da poboación sobre a necesidade de promover prácticas sostibles medioambientalmente.	Orzamento Municipal	0,00	6.000,00	6.000,00
Plan de acción							
O plan de acción se centrará na avaliación do cumprimento do obxectivo formulado, así como unha avaliación anual valorando a permanencia das condicións que xustifican o mantemento da subvención. Ademais, se debería de incorporar a cada anteproxecto dos orzamentos municipais as cantidades derivadas do reflectido neste PES, previa acreditación da necesidade de financiamento do proxecto correspondente.							
Posta en práctica, liñas básicas das bases reguladoras, calendario de elaboración e criterios de coordinación entre Administracións (de ser o caso).							
As subvencións directas serán aprobadas polo Pleno do Concello para cada exercicio económico e se instrumentarán a través dos convenios/ acordos de colaboración.							
As subvencións directas se materializarán no primeiro semestre de cada ano e terán unha vixencia anual.							
En principio, non está previsto a coordinación con outras Administracións nesta liña de subvención.							
Indicadores							
Nº de solicitudes Nº de concesións Xustificación adecuada (SI/NON) Renuncia á subvención (SI/NON) Reintegra parte ou toda a subvención (SI/NON) Cumpre obxectivos propostos (SI/NON) Consigue obxectivos no prazo establecido (SI/NON)							
Observacións							
As razóns que xustifican as subvencións nominativas son: 1) Os proxectos están dentro do ámbito competencial municipal a través do artigo 80.2 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, "A protección do medio ambiente"; 2) O proxecto ten carácter sistémico, participando unha entidade cunha traxectoria consolidada e que neste momento constitúen un referente na protección do medio ambiente.							

Xustificación: Sensibilizar á poboación sobre a necesidade de promover prácticas sostibles medioambientalmente e implementar actividades que fomenten a protección do entorno.

SÉTIMA.- Incorporar unha nova liña estratéxica e de subvención: "Liña 9. Voluntariado. Promoción do voluntariado, así como unha nova entidade dentro desta liña.

Liña estratéxica

Liña estratéxica	Liña 9: Voluntariado			
Obxectivo estratéxico	Fomento do voluntariado			
Obxectivos específicos	- Establecer o marco de cooperación e colaboración do Concello de Narón nas actuacións de Protección Civil. - Fomentar e promocionar actividades sociais			
Subvencións incluídas nesta liña				
Aplicación	Liña de subvención	Importe 2024	Importe 2025	Importe 2026
1350 48000	Agrupación de Voluntarios de Protección Civil	0.00	10.000	10.000
Total		0.00	10.000	10.000

Liña de subvención: Fomento do voluntariado

Liña estratéxica	Liña 9: Voluntariado
Liña de subvención	
Fomento do voluntariado	
Área de competencia afectada	
Voluntariado	
Sectores cara os que se dirixen as axudas	

Colaborar desinteresadamente na protección das persoas, bens e medio ambiente en situacións definidas na Lei 5/2007 de 7 de maio de emerxencias de Galicia, como situacións de xestión de riscos e de emerxencias. Colaborar co Concello de Narón na prestación de servizos de protección civil e actuación inicial en situación de emerxencia que segundo as previsións do artigo 331.1 da Lei 5/1997 de Administración local de Galicia debe financiar o Concello .							
Obxectivos e efectos que se perseguen							
Garantir as medidas preventivas que eviten situacións de risco, actuar en caso de risco ordinario e protexer a integridade de persoas e bens de titularidade pública ou privada e o medio ambiente de danos en situacións de emerxencia ou grave risco provocados pro catástrofes, calamidades, accidentes e outras situacións ou continxencias análogas.							
Prazo necesario para a súa concesión							
Os obxectivos fixados teñen permanencia no tempo, polo que deben cumprirse durante todo o período de vixencia do PES.							
Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento							
Aplicación	Procedemento de concesión	Entidade	Obxecto	Financiamento	2024	2025	2026
135 48000	Directa	Agrupación de Voluntarios de Protección Civil	Colaboración en actividades de prevención/protección civil en calquera tipo de eventos e circunstancias que así o aconsellen	Orzamento Municipal	0,00	10.000	10.000
Plan de acción							
O plan de acción se centrará na avaliación do cumprimento do obxectivo formulado, así como unha avaliación anual valorando a permanencia das condicións que xustifican o mantemento da subvención. Ademais, se debería de incorporar a cada anteproxecto dos orzamentos municipais as cantidades derivadas do reflectido neste PES, previa acreditación da necesidade de financiamento do proxecto correspondente.							
Posta en práctica, liñas básicas das bases reguladoras, calendario de elaboración e criterios de coordinación entre Administracións (de ser o caso).							
As subvencións directas serán aprobadas polo Pleno do Concello para cada exercicio económico e se instrumentarán a través dos convenios/ acordos de colaboración. As subvencións directas se materializarán no primeiro semestre de cada ano e terán unha vixencia anual. En principio, non está previsto a coordinación con outras Administracións nesta liña de subvención.							
Indicadores							
Nº de actuacións de apoio en emerxencias Nº de actuacións en prevención en eventos Xustificación adecuada (SI/NON) Renuncia á subvención (SI/NON) Reintegra parte ou toda a subvención (SI/NON) Cumpre obxectivos propostos (SI/NON) Consigue obxectivos no prazo establecido (SI/NON)							
Observacións							
As razóns que xustifican as subvencións nominativas son: 1) Os proxectos están dentro do ámbito competencial municipal a través do artigo 80.2c da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, "A protección civil"; e artigo 10 e 27 da Lei 5/2007 de emerxencias de Galicia							

Xustificación: Garantir as medidas preventivas que eviten situacións de risco, actuar en caso de risco ordinario e protexer a integridade de persoas e bens de titularidade pública ou privada e o medio ambiente de danos en situacións de emerxencia ou grave risco provocados pro catástrofes, calamidades, accidentes e outras situacións ou continxencias análogas.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións
- Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións
- Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local
- Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais
- RD 500/1990, de 20 de abril, que desenvolve o capítulo Sexto da Lei 39/1988
- RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local

- Lei 5/2014, do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decem-
bro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local
- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público
- Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Narón
- Bases de execución do orzamento municipal
- Informe Xurídico da Xefa de Sección RRHH e Patrimonio

En base ao anterior, o Xefe Substituto do Servizo Sociocomunitario propón á Alcaldía que someta a ditame da Comisión Informativa de Contratación, Persoal e Especial de Contas, as seguintes propostas de acordo

1.- Aprobar a modificación do Plan Estratéxico de Subvencións (PES) do Concello de Narón para os anos 2024, 2025 e 2026, modificación que se adxunta a esta proposta no Anexo I.

2.-Esta modificación quedará condicionada a que na aprobación dos orzamentos para o ano 2025 e 2026 exista crédito adecuado e suficiente para o financiamento.

APLICACIÓN	ENTIDADE/SUBVENCIÓN	IMPORTE ANO 2025	IMPORTE ANO 2026
2312.480.00	AFA	44.000,00	44.000,00
2312.480.00	ASPANEPS	22.000,00	22.000,00
2312.480.00	COGAMI	7.000,00	7.000,00
2312.480.00	ASOCIACIÓN BBTTA	2.000,00	2.000,00
3410.480.01	Subvencións a deportistas de elite	10.000,00	10.000,00
1700.480.00	ASOCIACIÓN GALEGA DE APICULTURA	6.000,00	6.000,00
1350.480.00	Agrupación de Voluntarios Protección Civil	10.000,00	10.000,00

- 3.- Aprobación polo Pleno destas modificacións.
4. Publicar esta modificación no BOP, no portal de transparencia da web municipal do Concello, e no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas.

ANEXO I

Resumo das liñas de subvención para os anos 2024, 2025, e 2026.

	Ano 2024	Ano 2025	Ano 2026	Total
Liña estratéxica 1: Benestar social	274.700,00	279.200,00	274.400,00	828.300,00
Liña estratéxica 2: Sanidade	12.000,00	12.000,00	12.000,00	36.000,00
Liña estratéxica 3: Cooperación no ensino	92.900,00	92.900,00	92.900,00	278.700,00
Liña estratéxica 4: Participación cidadá	37.900,00	37.900,00	37.900,00	113.700,00
Liña estratéxica 5: Promoción económica.	74.500,00	74.500,00	74.500,00	223.500,00
Liña estratéxica 6: Deportes	497.000,00	507.000,00	507.000,00	1.511.000,00
Liña estratéxica 7: Cultura	77.000,00	77.000,00	77.000,00	231.000,00
Liña estratéxica 8: Medioambiente	0,00	6.000,00	6.000,00	12.000,00
Liña estratéxica 9: Voluntariado	0.00	10.000,00	10.000,00	20.000,00
Total	1.066.000,00	1.096.500,00	1.091.700,00	3.254.200,00

Liña estratéxica 1: Benestar social				
Liña estratéxica		Liña 1: Benestar social		
Subvencións incluídas nesta liña				
Aplicación	Liña de subvención	Importe 2024	Importe 2025	Importe 2026
2312.480.00	Atención inmediata de persoas con necesidades de subsistencia e persoas sen fogar	56.500,00	56.500,00	56.500,00
2312.480.00	Intervención especializada con persoas en exclusión social	42.000,00	44.000,00	44.000,00
2312.480.00	Cooperación ao Desenvolvemento	18.000,00	18.000,00	18.000,00
2312.480.00 2312.480.02	Apoio ao desenvolvemento psicosocial e educativo de menores e as súas familias	36.000,00	37.000,00	37.000,00
3260.472.00	Apoio á formación universitaria a través da bonificación do transporte universitario	13.200,00	13.200,00	8.400,00
2312.480.00	Apoio a maiores	12.000,00	12.000,00	12.000,00
2312.480.00	Apoio á promoción social	92.500,00	93.500,00	93.500,00
2312.480.00	Igualdade	4.500,00	5.000,00	5.000,00
Total		274.700,00	279.200,00	274.400,00

Liña estratéxica 6: Deportes				
Liña estratéxica		Liña 6: Deportes		
Subvencións incluídas nesta liña				
Aplicación	Liña de subvención	Importe 2024	Importe 2025	Importe 2026
3410 48000	Fomento directo da promoción do deporte	417.000,00	417.000,00	417.000,00
3410 48001	Subvencións a asociacións que fomenten o deporte	80.000,00	80.000,00	80.000,00
341.048.001	Subvencións a deportistas de Elite	0,00	10.000,00	10.000,00
Total		497.000,00	507.000,00	507.000,00

Liña estratéxica 8: Medioambiente				
Liña estratéxica		Liña 8: Medioambiente		
Subvencións incluídas nesta liña				
Aplicación	Liña de subvención	Importe 2024	Importe 2025	Importe 2026
1700 48000	Promoción do medio ambiente	0,00	6.000,00	6.000,00
Total		0,00	6.000,00	6.000,00

Liña estratéxica 9: Voluntariado				
Liña estratéxica		Liña 9: Voluntariado		
Subvencións incluídas nesta liña				
Aplicación	Liña de subvención	Importe 2024	Importe 2025	Importe 2026
1350 48000	Agrupación de Voluntarios de Protección Civil	0	10.000.00	10.000.00
Total		0	10.000.00	10.000.00

Logo de ver o informe (SS019I04CX), do expediente opencertiac (SSO/2024/87), e visto o ditame favorable por maioría, con 5 votos a favor de TEGA e 6 abstencións (3 PP, 2 BNG, 1 PSdeG-PSOE) da sesión extraordinaria da Comisión informativa de Contratación, Persoal e Especial de Contas do 3 de setembro de 2025, o seu presidente propón ao Pleno a adopción desta proposta.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.”

Narón, 9 de setembro de 2025.
A Alcaldesa-Presidenta do Concello de Narón
Asdo.: Marián Ferreiro Díaz

2025/5854